



## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DOUS DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.**

**Expte: 2025/G007/000026**

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas do día 2 de setembro de dous mil vinte e cinco, reúnense en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 541 de data 1 de setembro/2025 e baixo a Presidencia do sr. Alcalde Alberto González Fernández: dona Rosa Ana García López, don Benito Manuel Vega Fernández, dona Tamara Sabín Caamaño e don Alejandro Antonio García Sousa.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, esta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

### **1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 28.08.2025 (ORDINARIA).-**

O alcalde preguntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 28.08.25 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

### **2º.-APROBACIÓN DOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA “AULA DA NATUREZA” E APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO.-**

#### **“PROPOSTA DE ALCALDIA PARA A APROBACIÓN DOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA “AULA DA NATUREZA” E APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO**

Visto o informe emitido pola educadora social Iria García Martínez sobre a necesidade da contratación para dar continuidade á prestación do servizo de educación e conciliación do Punto de Atención á Infancia “Aula da Natureza” e que se transcribe a continuación:

## **“INFORME PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DE VALDOVIÑO “AULA DA NATUREZA”**

Iria García Martínez, Educadora Social do Concello, en relación ao servizo de educación e conciliación prestado no Punto de Atención á Infancia de Valdoviño

### **INFORMO:**

PRIMEIRO.- Que o contrato do servizo iniciado no ano 2021, coas prórrogas correspondentes, remata no mes de xullo do presente ano, sendo necesaria unha nova contratación para dar continuidade ao servizo prestado.

SEGUNDO.- Que o funcionamento do recurso conta xa cunha traxectoria de varios anos que permite facer unha valoración sobre a súa necesidade e o nivel de participación, constatando que o servizo que presta é fundamental para a cobertura da necesidade de conciliación da vida familiar e laboral das familias de Valdoviño. O nivel de ocupación adoita ser alto, e rematado o prazo de preinscripción para o curso que ven constátase que se cubren todas as prazas. Isto pon de manifesto o interese e a necesidade existente entre as familias, o que xustifica a importancia de que se continúe prestando o servizo.

TERCEIRO.- Que a Xunta de Galicia resolve unha axuda anual para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís e puntos de atención á infancia de titularidade municipal. A resolución para o presente curso escolar é de 9212€ para mantemento e 15770,43€ para a gratuidade da atención educativa. No caso dos vindeiros cursos estímase que a axuda sexa unha contía semellante, ao establecer unha cantidade fixa no caso do mantemento e coñecer que as prazas do Punto de Atención á Infancia de Valdoviño van estar cubertas na súa totalidade.

CUARTO.- Que entre os departamentos de Secretaría, Servizos Económicos e Servizos Sociais elabóranse os pregos de cláusulas administrativas e técnicas para a licitación do servizo.

Para que conste aos efectos oportunos.”

Detectado un erro material no anexo II dos pregos de cláusulas administrativas por acordo de Xunta de Goberno Local de data 05/08/2025 acordou “a retirada do Expediente de contratación do servizo do Punto de Atención a Infancia Aula da Natureza (Expediente 2025/C004/000002) incluído na orde do día, aprazando a súa discusión ata que se incorporen ao Expediente os documentos e/ou informes precisos para subsanar o erro advertido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.”

Visto o informe da educadora social do departamento de servizos sociais que textualmente se transcribe a continuación:

*„En relación á licitación da Xestión do Punto de Atención á Infancia do Concello de Valdoviño, advertido erro material no Anexo II das cláusulas administrativas, procédese á súa modificación, debendo eliminar tamén unha referencia ao mesmo na cláusula 10 relativa a documentación.“*

Detectado un erro no procedemento de licitación que consta no prego de cláusulas administrativas toda vez que foi configurado como procedemento aberto simplificado á vez que se contempla a presentación de 3 sobres (documentación administrativa, oferta económica e oferta técnica) o que resulta incompatible co procedemento simplificado a

Xunta de Goberno Local de data 28/08/2025 acordou a retirada do Expediente de contratación do servizo do Punto de Atención a Infancia Aula da Natureza (Expediente 2025/C004/000002) incluído na orde do día, aprazando a súa discusión ata que se incorporen ao Expediente os documentos e/ou informes precisos para subsanar o erro advertido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

De acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

### **PROPOÑO:**

PRIMEIRO.- Correxir o erro material no anexo II do prego de cláusulas administrativas de data 22/07/2025 no que se facía referencia á extensión do horario e na cláusula 12.2 do PCCAAPP procedendo á súa eliminación en ambos apartados.

SEGUNDO.- Rectificar o erro referente á configuración do procedemento de licitación eliminando a súa referencia á tramitación como simplificado que figura no apartado 2.2 dos pregos de cláusulas administrativas particulares de data 25/08/2025 toda vez que resulta incompatible coa configuración dos sobres que deben ser presentados polos licitadores na cláusula 12 do PCAP.

TERCEIRO.- Aprobar o expediente de contratación do servizo de xestión do punto de atención á infancia (aula da natureza) con Concello de Valdoviño mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria e con multiplicidade de criterios de valoración de conformidade co disposto no artigo 156 da LCSP.

TERCEIRO.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas e técnicas que rexerán a presente contratación do servizo de xestión do punto de atención á infancia (aula da natureza) con Concello de Valdoviño, coas modificación indicadas.

CUARTO.- Autorizar o gasto, cun orzamento base de licitación de 54.900 €/ano exento de IVE .

QUINTO.- Publicar o correspondente anuncio no perfil contratante deste concello aloxado na plataforma de contratación do sector público.

Así o acordo, mando e asino en Valdoviño na data que figura á marxe

O Alcalde

Asdo. Alberto González Fernández”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2025/C004/000002).**

**3º.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN: SERVIZO PARA A XESTIÓN DA ESCOLA DE MÚSICA DE VALDOVIÑO PARA O CURSO 2025/2025 E 2025/2026**

**(REXEITAR A OFERTA PRESENTADA E DECLARAR DESERTO O PROCEDIMIENTO).-**

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA**

Expte.: 2024/C004/000005

SERVIZO: Servizo para a xestión da Escola de Música de Valdoviño para o curso 2024/2025 e 2025/2026

Aprobado o expediente de contratación do servizo de: “Xestión da Escola de Música de Valdoviño para o curso 2024/2025 e 2025/2026” segundo acordo de Xunta de Goberno Local de data 03/12/2024.

Licitación: procedemento aberto con aplicación de varios criterios de adxudicación, tramitación ordinaria.

Realizada a publicación da licitación na Plataforma de Contratos do Estado en data 23/12/2024 e presentadas ofertas, en sesión de data 22 de abril de 2025 a Mesa de contratación abriu, examinou e valorou a documentación do sobre A de documentación administrativa resultando que:

Concurriron as seguintes empresas: NIF: B15664816 ESPROADE, S.L. Data de presentación: 07 de xaneiro de 2025 ás 20:28:58

Tras a revisión da documentación aportada polos licitadores a mesa conclúe o seguinte: Admitir aos seguintes licitadores: NIF: B15664816 ESPROADE, S.L.

Resultando así que a lista de ADMITIDOS NA CONTRATACIÓN É A SEGUINTE (todos os que concorreron á licitación): NIF: B15664816 ESPROADE, S.L.

Polo que respecta ao acto de valoración oferta criterios basados en xuízos de valor 2025/C004/00005 – Prestación de servizo de escola de música do Concello de Valdoviño e unha vez analizada a información aportada, de acordo cos criterios do PCAP a mesa de contratación en sesión de data 29/04/2025 valorou as proposicións do seguinte xeito:

NIF: B15664816 ESPROADE, S.L.: - Proposta técnica de desenvolvemento do servizo (Memoria) Puntuación: 1.10 (1 punto en el apartado de instrumentos y actividades de oferta obrigatoria e 0,10 no apartado de novos instrumentos). - Melloras Puntuación: 0.70 (0 puntos en no apartado doutros recursos musicais e 0,70 no apartado doutras actividades).

Polo que respecta ao acto de valoración de criterios evaluables automáticamente 2025/C004/00005 – Prestación de servizo de escola de música do Concello de Valdoviño e unha vez analizada a información aportada, de acordo cos criterios do PCAP a mesa de contratación en sesión de data 05/05/2025 valorou as proposicións do seguinte xeito:

NIF: B15664816 ESPROADE, S.L.: - Oferta económica Valor introducido polo licitador: 105011 Puntuación: 5

Polo que a mesa de contratación de data 05/05/2025 por unanimidade dos membros presentes ACORDOU:

Primero.- PROPOÑER ao Órgano de Contratación, a adxudicación do contrato de servizos: “Escola de música do concello de Valdoviño” á empresa NIF: B15664816 ESPROADE, S. L. motivada a proposta en que foi a que obtivo a maior puntuación (único licitador presentado) e en que a súa oferta non está incurso en causa de anormalidade, previa presentación poolo licitador da documentación para ser adxudicado o contrato . Segundo.- Elevar esta proposta ante a Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación neste procedemento.

Detectado que a oferta económica presentada polo único licitador ESPROADE, S. L. ascende a 105.011,00 euros e que supera o tipo máximo de licitación que é de 103.292,00 € tipo e por conseguinte o orzamento de gasto máximo do presente contrato que é de 103.292,00 € e que polo tanto a oferta presentada supera el tipo de licitación foi convocada nova mesa de contratación para revisar os acordos adoptados e adopción dos acordos pertinentes.

Por conseguinte na sesión da mesa de contratación de data 7 de agosto de 2025 adoptouse o seguinte acordo:

“Se acuerda revisar y rectificar el acuerdo adoptado en la mesa de contratación de fecha 05/05/2025 toda vez que la oferta presentada por el único licitar ESPROADE, S. L. con NIF B15664816 supera el tipo máximo de licitación ya que su oferta asciende a 105.011,00 euros y el tipo de licitación en este procedimiento de contratación es de 103.292,00 €; por consiguiente no puede ser admitida y debe rechazarse la oferta presentada por el licitar al superar el tipo de licitación y, no habiendo otros licitadores en el procedimiento, se propone declarar desierto el presente procedimiento de contratación.”

Visto o exposto anteriormente, esta alcaldía PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adaptación do seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Rexeitar a oferta presentada polo único licitador ESPROADE, S. L. ao superar o tipo de licitación.

**Segundo.-** Declarar deserto o presente procedemento de licitación 2024/C004/000005: Servizo para a xestión da Escola de Música de Valdoviño para o curso 2024/2025 e 2025/2026 motivado en que o único licitador presentado achegou unha oferta económica que supera o tipo de licitación.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local decidirá o que estime convinte.

O Alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández (Asdo. dixitalmente)”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/C004/000005).**

**4º.-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN: CONTRATACIÓNDOS TR TRABALLOS DE CONSERXERÍA, LIMPEZA XERAL E PEQUENAS ACTUACIÓNS DE MANTEMENTO DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES DO CONCELLO DE VALDOVIÑO (O LONGOIRO) POR DOUS ANOS (APROBAR O EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN).-**

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA A CONTRATACIÓN DOS TRABALLOS DE CONSERXERÍA, LIMPEZA XERAL E PEQUENAS ACTUACIÓNS DE MANTEMENTO DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES DO CONCELLO DE VALDOVIÑO (O LONGOIRO) POR DOUS ANOS (CON POSIBILIDADE DE PRÓRROGA POR 2 ANOS MÁIS), POR PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO TRAMITACIÓN ORDINARIA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.**

**Expte nº: 2025/C004/000005**

Vista a providencia de Alcaldía de data 1 de setembro de 2025.

Vista a memoria e o informe de necesidade que constan no expediente da súa razón, no que manifesta a necesidade de acudir á contratación por carecer de recursos humanos suficientes e axeitados para a xestión do pavillón de Longoiro, asinados polo Sr. Alcalde.

Visto o informe xurídico emitido pola Secretaria no que se establece o procedemento aplicable, así como a proposta de pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas particulares que rexeran a contratación e que constan no expediente da cabeceira.

Visto o documento contable de retención de crédito con referencia nº 22025002731 e número de operación 220250008156.

Considerando o informe de fiscalización número SMP 45/2025 en sentido favorable da intervención accidental de data 01/09/2025.

Despois de examinar a documentación achegada, de conformidade co establecido na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, esta Alcaldía **PROPÓN:**

**PRIMEIRO:** Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria, cunha pluralidade de criterios de adxudicación con base á mellor relación calidade-prezo, do servizo de conserxería, limpeza xeral, e pequenas actuacións de mantemento do pavillón municipal de deportes do Concello de Valdoviño (O Longoiro) cun orzamento base de licitación 59.892,12 € (IVE do 21% incluído).

**SEGUNDO:** Aprobar a non división en lotes do presente contrato. De conformidade co disposto na memoria xustificativa do contrato, coa división en lotes do obxecto do contrato pérdese optimización do control da execución global do contrato, así como a coordinación da execución das prestación e produciríase un incremento nos costes da execución pola existencia dunha pluralidade de contratistas diferentes.

**TERCEIRO:** Aprobar os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

**CUARTO:** Autorizar con cargo á aplicación orzamentaria 341.22799 do orzamento municipal do exercicio 2025, o gasto que para este Concello representa a devandita contratación para o ano en curso pola contía de 9.982,02 euros.

**QUINTO:** Publicar o corresponde anuncio no perfil do contratante deste concello aloxado na plataforma de contratación do sector público.

Esta é a miña proposta, non entanto a Xunta de Goberno Local aprobará o que estime máis convinte.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SR. ALCALDE ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ.”**

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2025/C004/000005).**

**5º.- APROBACION DA APORTACIÓN MUNICIPAL A XEOPARQUE (ANUALIDADE 2025) CABO ORTEGAL, OFI 5/2025.-**

**“EXPEDIENTE Nº: 2023/X999/000151**

**PROCEDIMIENTO: OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA 5/2025**

**PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Resultando que por parte da Intervención Municipal emitíuse informe de omisión da fiscalización previa preceptiva nº 5/2025 (SMP 43/2025) con data 01/09/2025 en cumprimento do que dispón o artigo 28 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local – RCI- relativo ao gasto seguinte:

<b>Natureza do gasto</b>	Aportación municipal a Xeoparque (anualidade 2025) incorporada ao expediente
<b>Datos da relación de facturas</b>	Achega Xeoparque 2025 por importe de 34.285,00 €
<b>Nº e data de rexistro</b>	F/2025/2100 de data 06/03/2025
<b>Organo xestor</b>	Alcaldía
<b>Importe</b>	34.285,00
<b>Organo competente</b>	Xunta de Goberno Local

Resultando que o informe emitido polo Interventor accidental remitiuse ao Órgano Xestor dos Gastos, que informou en data 01/09/2025 o seguinte:

“(…)

**PRIMEIRO.-** De conformidade co sinalado no artigo 213 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, a función interventora terá por obxecto fiscalizar todos os actos das entidades locais e dos seus organismos autónomos que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de dereitos, as obrigas e gastos de contido económico, e os ingresos e pagos que daqueles derívense, así como a recadación, investimento e aplicación, en xeral, dos caudais públicos administrados, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

No entanto, en materia de gastos, hai que ter en conta que, de conformidade co artigo 219 do RD 2/2004, non estarán sometidos a intervención previa os gastos de material non inventariable, contratos menores, así como os de carácter periódico e demais de tracto sucesivo , unha vez intervido o gasto correspondente ao período inicial do acto ou contrato do que deriven ou as súas modificacións, así como outros gastos menores de 3.005,06 euros que, de acordo coa normativa vixente, fáganse efectivos a través do sistema de anticipos de caixa fixa.

Polo tanto, calquera gasto distinto dos anteriores requirirá de informe do órgano interventor preceptivo e previo á aprobación do gasto, tal e como establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, o Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

**SEGUNDO.-** Tal e como dispón o artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, nos supostos nos que a función interventora fose preceptiva e se houberse omitido, non se poderá recoñecer a obriga, nin tramitar o pago, nin intervir favorablemente estas actuacións ata que se coñeza e resolva dita omisión.

En ningún caso a natureza deste informe terá o carácter de fiscalización, debendo poñer en coñecemento a omisión da función interventora con respecto á autoridade que iniciase aquel emitindo o mesmo tempo opinión respecto da proposta, a fin de que, unindo este informe ás actuacións, poida o Presidente da entidade local decidir se continua o procedemento ou non e demais actuacións que no seu caso, procedan.

Cando a omisión da función interventora se refire ás obrigas ou gastos cuxa competencia sexa do Pleno, o presidente da entidade local deberá someter a decisión do Pleno se continua o procedemento e as demais actuacións que no seu caso, procedan.

**TERCEIRO.-** De conformidade co sinalado no artigo 28.2 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do

control interno local – RCI-, o informe de omisión da función interventora deberá poñer de manifesto como mínimo os seguintes extremos:

Descrición detallada do gasto, con inclusión de todos os datos necesarios para a súa identificación, facendo constar, polo menos, o órgano xestor, o obxecto do gasto, o importe, a natureza xurídica, a data de realización, o concepto orzamentario e exercicio económico ao que se imputa.

Exposición dos incumprimentos normativos que, a xuízo do interventor informante, producíronse no momento en que se adoptou o acto con omisión da preceptiva fiscalización ou intervención previa, enunciando expresamente os preceptos legais infrinxidos.

Constatación de que as prestacións foron levadas a cabo efectivamente e de que o seu prezo se axusta ao prezo de mercado, para o que se terán en conta as valoracións e xustificantes achegados polo órgano xestor, que haberá de solicitar os asesoramentos ou informes técnicos que resulten precisos a tal fin.

Comprobación de que existe crédito orzamentario adecuado e suficiente para satisfacer o importe do gasto.

Posibilidade e conveniencia de revisión dos actos ditados con infracción do ordenamento, que será apreciada polo interventor en función de se se realizaron ou non as prestacións, o carácter destas e a súa valoración, así como dos incumprimentos legais que se produciron. Para iso, terase en conta que o resultado da revisión do acto materializárase acudindo á vía de indemnización de danos e prexuízos derivada da responsabilidade patrimonial da Administración como consecuencia de producirse un enriquecemento inxusto no seu favor ou de incumprir a obrigaçión ao seu cargo, polo que, por razóns de economía procesual, so sería pertinente instar dita revisión cando sexa presumible que o importe das devanditas indemnizacións fose inferior ao que se propón.

**CUARTO.-** A esta intervención remitiuse en data 01/09/2025 proposta de alcaldía, aos efectos de recoñecemento da obriga e ordenar o pago por importe de 34.285,00 €, correspondente a aprobación das aportacións municipais a Xeoparque (anualidade 2025) incorporada ao expediente.

Realizadas as oportunas comprobacións destacase o seguinte: procedeuse a realizar os gastos, sen fiscalización da intervención municipal, tal e como existe o art. 7.1 a) Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, e o art. 214 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Polo tanto, o gasto descrito anteriormente foi disposto sen que se remitira a esta Intervención para o trámite de fiscalización e intervención previa, sendo o citado informe de Intervención preceptivo e previo.

**QUINTO.- Do transcrito artigo do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local – RCI, hai que sinalar as seguintes consecuencias:**

**Tendose omitido a fiscalización previa preceptiva, prodúcese a suspensión da tramitación do gasto, de tal maneira que non se pode recoñecer a obrigaón, nin tramitar o pagamento, nin intervir favorablemente estas actuacións ata que se coñeza e resolva dita omisión nos termos que se dirá.**

**Esta intervención remitira o presente Informe ás Autoridades que xestionaron o gasto, coa finalidade de que unido este informe ás actuacións, poida o Presidente da Entidade Local decidir se continua o procedemento ou non e demais actuacións que no seu caso, procedan.**

**O presente informe non ten natureza de fiscalización, polo que non é de reparo.**

**A descrición detallada do gasto: En relación coas aportacións municipais que se citan na comunicación da intervención municipal de data 26/12/2023 compre destacar o seguinte en concreto para cada unha delas:**

**Aportación municipal para a achega para a Xestión do Xeoparque do Cabo Ortegal anualidade 2025 por importe de 34.285,00 euros segundo acordo da asemblea ordinaria de 19 de febreiro de 2025 debe poñerse de manifesto que como xa sucedeu en anualidades anteriores non consta o procedemento de fiscalización previa do gasto en virtude do cal esta entidade local debe asumir a aportación municipal indicada.**

**Respecto á exposición dos incumprimentos normativos, estes consisten en:**

**A existencia de crédito orzamentario e que o proposto é o adecuado e suficiente á natureza do gasto ou obrigaón que se propoña contraer: cúmprese previa tramitación da modificación de crédito nº 14/2025 TC.**

**Que os gastos ou obrigaóns propóñense ao órgano competente para a súa aprobación, compromiso do gasto ou recoñecemento da obrigaón: consta.**

**A competencia do órgano de contratación e en xeral do que pronuncie o acto administrativo, cando este órgano non teña atribuída a facultade de aprobación, compromiso do gasto ou recoñecemento da obrigaón que se trate: o órgano competente para a súa aprobación é aAlcaldía.**

**Que os expediente de compromiso de gasto responden a gastos aprobados e, non seu caso, fiscalizados favorablemente. Así mesmo, nos expedientes de recoñecemento de obrigaóns, que os mesmos responden a gastos aprobados e comprometidos e, no seu caso, fiscalizados favorablemente: non consta fiscalización de Intervención dos gastos.**

**En relación seguintes prestacións subsumibles dentro do establecido no artigo 17 LCSP:**

“Son contratos de servicios aquellos cuyo objeto son prestaciones de hacer consistentes en el desarrollo de una actividad o dirigidas a la obtención de un resultado distinto de una obra o suministro, incluyendo aquellos en que el adjudicatario se obligue a ejecutar el servicio de forma sucesiva y por precio unitario.

No podrán ser objeto de estos contratos los servicios que impliquen ejercicio de la autoridad inherente a los poderes públicos.”

A tramitación deste tipo de gastos estaríase a realizar como se fose aplicable o procedemento previsto para os contratos menores do artigo 131.3 en relación co 118 LCS pero sen cumprir tampouco o marcado no relación aos expedientes dos contratos menores..

**Artigo 131.3:** ... “Los contratos menores podrán adjudicarse directamente a cualquier empresario con capacidad de obrar y que cuente con la habilitación profesional necesaria para realizar la prestación, cumpliendo con las normas establecidas en el artículo118.”

Nembargante esta solución non é posible xa que, aínda que non se superasen os umbrais contitativos anuais establecidos para o contrato de servizos, a prestación do servizo esténdese a un período superior ó anual, xa que en virtude do artigo 29.8 do devandito texto legal:

“8. Los contratos menores definidos en el apartado primero del artículo 118 no podrán tener una duración superior a un año ni ser objeto de prórroga.”

En virtude do anterior cómpre iniciar o correspondente procedemento de contratación (ó abeiro do establecido no artigo 131 LCSP a adxudicación realizarase ordinariamente mediante o emprego do procedemento aberto ou restrinxido) sen que sexa válido o emprego da contratación menor. Polo tanto, ditas facturas carecen de soporte contractual, superando a prestación do devandito servizo o período anual. A Lei de Contratos do Sector Público contempla que non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a contía do mesmo e eludir así os requisitos de publicidade, ou os relativos ó procedemento de adxudicación que correspondan, art. 99.2 LCSP.

Polo que se refire ó emprego da figura da contratación menor infórmase que, sen prexuízo dos supostos nos cales non se pode empregar dado o importe ó que ascenden anualmente ou a súa clara duración superior á anual, o contrato menor é contrario a dereito se o órgano de contratación, no momento de iniciar a tramitación deste contrato, ten coñecemento certo (ou debería telo se aplicase os principios de programación e de boa xestión) da necesidade de contratar unha prestación determinada de carácter ou natureza unitarios, perfectamente definida, cuxas características esenciais non van a variar de xeito substancial, que se teñen que levar a cabo necesariamente ano tras ano e que responden a unha necesidade continuada no tempo, e, aínda así, tramítanse diferentes

**contratos menores e elúdense as normas de publicidade e procedemento (Informe 4/2010, JCCA Illas Baleares e Informe da Intervención Xeral da Comunidade de Madrid de 14 de xuño de 2013).**

**Respecto á constatación de que as prestacións se levaron a cabo efectivamente e de que o seu prezo axústase ao prezo de mercado, solicítase expresamente ao Órgano Xestor do gasto que se pronuncie sobre ambos aspectos, ben polo seu coñecemento directo, ben porque solicitase os asesoramentos ou informe técnicos que resulten precisos a tal remate.**

**Comprobouse a existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente para satisfacer o importe do gasto previa tramitación da modificación de crédito nº 14/2025 TC.**

**Respecto da posibilidade e conveniencia de revisión dos actos pronunciados con infracción do ordenamento, dependerá do informe que emita o Organo Xestor a que se refire o apartado f) anterior.**

**Tendo en conta o Informe emitido polo Órgano Xestor no que manifesta que se realizaron as prestacións correspondentes e que se axustan ao prezo de mercado, haberá que considerar que o importe da indemnización correspóndese co importe do gasto, polo que, segundo opinión desta Intervención, non sería necesario instar revisión do acto, sendo suficiente, a tenor do precepto transcrito, que o Alcalde acorde a indemnización polo importe do gasto.**

**Por último lembrar que o acordo favorable do órgano competente non eximirá da esixencia das responsabilidades a que, no seu caso, houbese lugar.**

**O presente informe debe remitirse ás Autoridades dos Órganos e ao Alcalde para o seu coñecemento e que proceda, se así o estima conveniente, á convalidación dos efectos económicos deste.**

**É canto se ten a ben informar. Non obstante, esa autoridade, co seu superior criterio resolverá o máis conveniente para os intereses municipais.**

**.”**

Considerando que a non aprobación da aportacións municipais a Xeoparque (anualidade 2023) e A Fusquenlla (anualidade 2022) (incorporados ao expediente) produciría un trastorno grave na actividade municipal que prexudicaría enormemente os intereses xerais do municipio, dado que se podería considerar que se produciría un enriquecemento inxusto da Administración, e en caso de non proceder ao pagamento do gasto indicado, con toda seguridade os perxudicados dirixiríase aos tribunais cumprindo cos criterios que a xurisprudencia esixe para o enriquecemento inxusto. A condena ao pagamento a cargo do Concello incluíría ademáis as custas procesais e os xuros de demora.

Dado que se constatou o compromiso adoptado polo Concello de Valdoviño para asumir a aprobación e pagamento das aportacións indicadas todas elas conformadas polo Alcalde e que comprobouse a existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente para satisfacer o importe do gasto.

Considerando que o artigo 28.2 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local – RCI-, atribúe ao Alcalde a competencia para adoptar a resolución procedente. En virtude do disposto no artigo 21.1 f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03, así como nos artigos 185 e 186 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais. Polo que se expuxo, propónse a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a aportación municipal a Xeoparque (anualidade 2025) incorporada ao expediente por importe de 34.285,00 euros

**SEGUNDO.-** Trasladar o presente acordo ao Órgano Xestor, á Intervención, á Tesourería Municipal para o seu coñecemento e efectos oportunos, e ao Pleno na primeira sesión que se celebre.

#### **DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**

Asdo.- Alberto González Fernández

Alcalde do Concello de Valdoviño”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2025/X999/000151).**

**6º.- APROBACIÓN CUMPRIMENTO SENTENZA P.A. 0000035/2025 DO XULGADO C-A N° 1 DE FERROL [REDACTED] ALLIANZ.-**

#### **“PROPUESTA DE LA ALCALDÍA-PRESIDENCIA**

Visto que en fecha 28 de julio de 2025 fue comunicado por el Juzgado Contencioso Administrativo nº 1 de Ferrol la sentencia de fecha 22 de julio de 2025 dictada en el procedimiento abreviado 0000032/2025 que acuerda:

“(…) SE CONDENA a la administración a abonar a la demandante la cantidad de 4.603,76 euros, más los intereses legales a contar desde la presentación en vía administrativa de la reclamación de responsabilidad patrimonial. (...)”

Considerando que,

**PRIMERO.** Es obligado cumplir las sentencias y demás resoluciones firmes de los Jueces y Tribunales, así como prestar la colaboración requerida por éstos en el curso del proceso y en la ejecución de lo resuelto.

Las partes están obligadas a cumplir las sentencias en la forma y términos que en éstas se consignen. Además, todas las personas y entidades públicas y privadas están obligadas a prestar la colaboración requerida por los jueces y tribunales de lo contencioso-administrativo para la debida y completa ejecución de lo resuelto.

**SEGUNDO.** La legislación aplicable al asunto es la siguiente:

- El artículo 118 de la Constitución Española.
- El artículo 17 de la Ley Orgánica 6/1985, de 1 de julio, del Poder Judicial.
- Los artículos 103 a 113 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, Reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa.

**TERCERO.** La ejecución de las Sentencias es una cuestión capital para lograr los fines que persigue el Estado de Derecho. Y es que, en definitiva, la tutela judicial reconocida por el artículo 24 de la Constitución Española conlleva la eficacia de las Resoluciones Judiciales.

Este principio tiene ciertas especialidades en lo que se refiere a la ejecución de Sentencias contencioso-administrativas, porque, en este caso, no son directamente los propios órganos jurisdiccionales quienes hacen ejecutar lo juzgado, sino que es la Administración la que colabora de forma activa en la ejecución de esas Sentencias. Se distingue así entre cumplimiento y ejecución, de modo que el cumplimiento correspondería a la Administración con carácter obligatorio (STS de 14 de julio de 1995), porque es más cómodo y sencillo implicar a ésta en el cumplimiento material del fallo, en tanto la ejecución correspondería exclusivamente a los Tribunales, que podrían adoptar todas las medidas necesarias para ello.

**CUARTO.** El procedimiento a seguir, de acuerdo con lo establecido en el artículo 104 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, Reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa, será el siguiente:

**A.** Una vez firme en vía judicial una Sentencia, ésta será comunicada en el plazo de diez días al órgano que hubiera realizado la actividad objeto del recurso.

**B.** El órgano que hubiera realizado la actividad objeto del recurso deberá, en plazo de diez días desde la recepción de la comunicación, indicar el órgano responsable del cumplimiento del fallo.

**C.** En el plazo de dos meses, el órgano que hubiera realizado la actividad objeto del recurso deberá llevar a puro y debido efecto el contenido de la Sentencia y practicar lo que exija el cumplimiento de las declaraciones contenidas en el fallo.

**D.** Transcurridos los plazos señalados para el cumplimiento del fallo, cualquiera de las partes o personas afectadas podrá instar su ejecución forzosa.

**QUINTO.** Si concurriesen causas de imposibilidad material o legal de ejecutar una Sentencia, el órgano obligado a su cumplimiento lo manifestará a la autoridad judicial a través del representante procesal de la Administración, dentro del plazo de dos meses previsto para su cumplimiento, a fin de que, con audiencia de las partes y de quienes considere interesados, el Juez o Tribunal aprecie la concurrencia o no de dichas causas y adopte las medidas necesarias que aseguren la mayor efectividad de la ejecutoria, fijando en su caso la indemnización que proceda por la parte en que no pueda ser objeto de cumplimiento pleno.

A la vista de lo expuesto anteriormente y de conformidad con lo establecido en el artículo 21, apartado 1.f) de ley 7/85, de 2 de abril, reguladora de las bases del régimen local, en su redacción dada por las Leyes 11/99 e 57/03, esta Alcaldía

Visto que existe consignación adecuada y suficiente en la aplicación presupuestaria 920.22604 se propone:

### **SE PROPONE**

**PRIMERO.** Llevar a debido efecto y practicar lo que exige el cumplimiento de las declaraciones contenidas en la sentencia de fecha 22 de julio de 2025 dictada en el procedimiento abreviado 0000032/2025

“(…) SE CONDENA a la administración a abonar a la demandante la cantidad de 4.603,76 euros, más los intereses legales a contar desde la presentación en vía administrativa de la reclamación de responsabilidad patrimonial. (…)”

**SEGUNDO.-** Aprobar el gasto y autorizar el pago por importe de 4.783,91 euros con cargo a la aplicación 920.22604 correspondientes a 4603,76 euros de principal más 180,15 euros de intereses legales.

**TERCERO.-** Dar traslado del presente acuerdo a la aseguradora Mapfre España, compañía de seguros y reaseguros y requerirle para que en virtud de la póliza de seguro de responsabilidad civil municipal número 0961970022062 procede al reintegro de la cantidad abonada por esta entidad local una vez descontada la cuantía de la franquicia.

Valdoviño, en la fecha de firma digital

El alcalde:

Fdo.: D. Alberto González Fernández ”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2025/X999/000152).**

### **7º.- APROBACIÓN DA CONTINUACIÓN DO SERVIZO CONCILIA TEMPOS MAÑÁS PARA O CURSO 2025-2026 MEDIANTE A XESTIÓN DE PICARIÑOS ANIMACIÓN S.L.-**

#### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A CONTINUACIÓN DO SERVIZO “CONCILIA TEMPOS MAÑÁS 2025/26”**

Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, existindo a necesidade de dar continuidade ao servizo “Concilia Tempos Mañás” de conciliación da vida familiar, persoal e laboral durante o curso escolar 2025/26, vista a retención de crédito practicada polos Servizos Económicos que obra no expediente e visto o informe técnico do Departamento de Servizos Sociais, que se transcribe a continuación:

#### **“INFORME PARA A CONTINUACIÓN DO SERVIZO “CONCILIA TEMPOS MAÑÁS”**

## PARA O CURSO 2025-2026

### 1. ANTECEDENTES

Nos anos anteriores desenvolveuse o programa Concilia Tempos Mañás, para cubrir a necesidade das familias de conciliar a vida laboral e familiar a primeira hora da mañá.

Inicialmente, impulsouse no CPI Atios, se ben nos últimos anos púxose en marcha tamén en dúas das escolas do CRA O Esquíu (Taraza e Lago).

A contratación de hai dous anos realizouse na modalidade de contrato menor coa xestión externa de Picariños Animación S.L.

Actualmente estase á espera da revisión dos pregos polo departamento de Secretaría e Intervención de cara a publicar a licitación do servizo.

### 2. OBXECTIVO

Ofrecer o servizo de conciliación nos centros educativos, de cara a cubrir a primeira hora da mañá á vista da necesidade e demanda das familias, mediante a xestión externa dunha entidade especializada na atención socioeducativa á infancia.

### 3. CONTEXTUALIZACIÓN

Debido á demanda existente, e coñecendo o número de inscricións realizadas no prazo aberto en xuño e, nalgún caso fóra do prazo, rexístrase ata o momento a seguinte ocupación de prazas:

CPI Atios	35 prazas	37 solicitudes
CRA Esquíu (escola Taraza)	10 prazas	9 solicitudes
CRA Esquíu (escola Lago)	10 prazas	7 solicitudes

Debido a que só existen prazas libres no CRA, permanecerá aberta a opción de participar durante todo o curso. No caso do CPI Atios, aceptaranse todas as solicitudes ao variar a asistencia diaria, e abrirase unha lista de agarda para novas solicitudes, ao ser habitual que haxa movementos de altas e baixas durante o curso escolar.

O horario do servizo será entre as 7:30 no caso de Atios e desde as 8:00 horas no caso das escolas do C.R.A.

A ratio máxima que se propón é de 10 nenas/nenos por persoa monitora no caso de haber unha única persoa, e de 12-13 no caso de haber dúas. En función da demanda inicial, a contratación inicial será de tres persoas monitoras para CPI Atios e unha para cada escola do C.R.A.

### 4. ORZAMENTO E CRÉDITO

Para valorar a continuación solicítase orzamento á empresa que viña desenvolvendo o servizo, por un importe mensual de 3124 euros (máis 10% IVE), xustificándose o incremento respecto ao ano pasado polo aumento dunha contratación e o aumento de almozos a proporcionar este ano.

### 5. PREZOS PÚBLICOS

Atendendo ao texto da Ordenanza reguladora de prezo público pola prestación de servizos educativos, culturais e deportivos:

*“\* Outras escolas ou actividades formativas e servizos culturais. Os custos ateranse, de acordo co preceptuado pola lei, á cobertura dos gastos de organización”*

*Séguese co prezo mensual de 30 euros ao mes e 20 euros medio mes, por neno ou nena. Ambos supostos contan cun 20% de desconto para irmás.*

*Este prezo non permite cubrir na súa totalidade os gastos do servizo aos que fai referencia a ordenanza. Sen embargo, acolléndose ao texto do TRLFL (“Texto refundido da Lei de Facendas Locais”), no seu artigo 44, referente á contía:*

- 1. O importe dos prezos públicos deberá cubrir como mínimo o custo do servizo prestado ou da actividade realizada.*
- 2. Cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a entidade poderá fixar prezos públicos por debaixo do límite previsto no apartado anterior. Nestes casos deberán consignarse nos orzamentos da entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante se e houbera.”.*

*En relación ao punto 2, dende o departamento de Servizos Sociais faise o axuste necesario segundo as características da poboación destinataria e os parámetros habituais do custo das actividades, establecendo a cantidade de 30 euros/mes e 20 euros/medio mes por neno ou nena participante, cun desconto do 20% para irmás.*

## **6. VALORACION DE PROPOSTAS**

*Considerando que a empresa que viña desenvolvendo o servizo no curso anterior foi Picariños Animación S.L. propónse a continuación coa mesma entidade á espera de resolver o proceso de licitación.*

*- Horarios e persoal (+ coordinación):*

*Atios: 7:30h – 9:30h*

*1 persoa monitora de 7:30h a 9:30h*

*1 persoa monitora de 8:00h a 9:30h*

*1 persoa monitora de 8:00 a 9:30h*

*Taraza e Lago: 8:00h – 9:30h*

*1 persoa en cada centro de 8:00h a 9:30h*

*- Alimentación*

*- Materiais didácticos*

*- Seguro de responsabilidade civil.*

*A pesares de que se solicita a aprobación da continuidade do servizo para todo o curso escolar, o obxectivo é licitar a contratación cando sexa posible, estando os pregos administrativos en revisión.*

*Por todo o exposto, ante a necesidade de dar continuidade ao servizo Concilia Tempos Mañás infórmase da conveniencia de manter a prestación dese servizo con Picariños Animación S.L., por un importe mensual de 3124 euros (máis 10% IVE), mentres non se resolva a licitación.*

***Asinado dixitalmente, en Valdoviño, na data que figura na marxe do documento, pola Educadora social do Departamento de Servizos Sociais Comunitarios (colexiada 3545).***

**PROPOÑO:**

á Xunta de Goberno Local, aprobar a continuación do servizo Concilia Tempos Mañás para o curso 2025-2026 mediante a xestión de Picariños Animación S.L. por un importe mensual de 3124 euros (máis 10% IVE), mentres non se resolva a licitación do dito servizo.

Asinado dixitalmente, en Valdoviño, na data que figura na marxe do documento.

O Alcalde,

Alberto González Fernández”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2025/S012/000012).**

**8º.-ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e corenta e cinco minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria municipal, CERTIFICO o contido da presente acta.

*/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria e polo alcalde/*